


BIBLIOTECA CFP COROSO

RECOMENDACIÓNS OUTONO-INVERNO

“ A verdadeira educación consiste en sacar á luz o mellor da persoa”

Mahatma Gandhi



“Dida-Gran Tartaruga” Cadro de Manuel Moldes, pintor pontevedrés que nos deixou o pasado 3 de Decembro.

Colaboran:

EDLG: <http://normalizacoroso.blogspot.com.es/>

BIBLIOTECA CFP COROSO: <http://corosobiblio.blogspot.com.es/>

DPTO. INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ACADÉMICA PROFESIONAL

DPTO. PROGRAMAS EUROPEOS



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



CFP COROSO

Avda. Dos Estudiantes,

15960 Ribeira, A Coruña

www.edu.xunta.es/centros/

Bibliotecas
escolares
de Galicia





ndice de lecturas recomendadas por temáticas

Páxina


1. Lecturas pola igualdade.....	5
2. Lecturas en galego	6
3. Banda deseñada	8
4. Bicentenario do nacemento de Emili Brontë	10
5. Ano Europeo do Patrimonio Cultural	11
6. Lecturas profesionais	12
7. Club de lectura “Close to Europe”	16
9. Autoaprendizaxe de linguas	18

L

ECTURAS POLA IGUALDADE...

25 de novembro, como cada ano, celebramos o día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Esta é unha celebración á que debemos sumarnos todos, porque....

“....A igualdade tamén empeza en min” .



O Clan da Loba

Maite Carranza, 2010

É o primeiro volume da triloxía desta antropóloga catalá, inspirado na tese da antropóloga Margaret Murray que defendía a idea (nunca demostrada) da supervivencia de antigas sociedades matriarcais. A protagonista é unha adolescente que descubre que pertence a unha xenealoxía de bruxas, mulleres sabias que, por medio da transmisión oral, transmiten os seus coñecementos e poderes ás agachadas dos homes. Esta novela estase a converter nun best-seller xuvenil, cunha trama na que as heroínas e as súas rivais son mulleres, reparando un pouco o déficit de representación feminina na literatura de aventuras.

Desde tempos inmemoriais, os clans das bruxas Omar viviron agochándose das sanguinarias bruxas Odish, agardando a chegada da elixida. Agora os astros confirman que o tempo está próximo. Anáid, que viviu durante os seus catorce anos de vida apartada nunha vila do Pireneo, ignora os segredos que teñen que ver coas mulleres da súa familia... Ata que a miste-

riosa desaparición da súa nai a enfronta cunha verdade tan arrepiante coma increíble e obrígaa a percorrer un longo camiño cheo de perigos e descubrimentos...

Podes ler aquí o primeiro capítulo da novela: <https://goo.gl/tXP8qb>

Despois da medianoite

Salma (Thuvrankurichi, 1970)

Trátase dunha das máis notábeis escritoras da actual literatura india. Aos trece anos comezou a escribir poesía e logo a publicar en revistas literarias, na clandestinidade pola oposición familiar. A súa obra foi obxecto de fortes críticas polo uso da sexualidade feminina dunha maneira aberta e polo contido feminista dos seus escritos.



Nunha pequena aldea de Támara Nadu, no escuro da media noite, no lugar pechado das casas e das coziñas, no reverso das normas da comunidade, transcorren as vidas das mulleres desta novela. As súas arelas vannos levando por un camiño de dificultades, onde a busca da liberdade se atopa fanada de maneira constante, e amosando os atrancos que atopan para desfacer as

posicións que lles veñen dadas, que lles son inoculadas a cada paso dende a infancia.

Podes coñecer máis sobre a vida da autora, e ler o primeiro capítulo da novela no blog de Xerais: <https://goo.gl/YoAuQz>



A Piragua

Cándido Pazó

Obra teatral premiada e con grande éxito de público na súa primeira xira galega, dálle voz ás vítimas da violencia machista. Mestura momentos divertidos con dramáticos, conseguindo pincelar de humor un tema tan trágico e brutal.


“A piragua” pon ao descuberto unha historia de malos tratos e menosprezos constantes, que non se ve porque non fai ruído, no ámbito familiar de Rosa, que descubre que a vida pode ser outra cousa e comeza a soñar con vivir por ela mesma.

Podes ver un anaco da obra aquí: <https://goo.gl/Akx47>

E máis información da produción teatral aquí: <https://goo.gl/dAHbNw>

No 2018 celebramos as seguintes efemérides da literatura galega.

F ai 25 anos publicábase....



Rapazas

Agustín Fernández Paz

¿Qué estraña misión trae a un extraterrestre deica o noso

planeta? ¿Qué sucede cando se mantén unha estremecedora relación cun fantasma? ¿Qué segredo garda unha misteriosa pedra atopada na area dunha praia? Estas son algunhas das preguntas que fixeron nacer os relatos deste libro de Agustín Fernández Paz. Rapazas, un dos clásicos da nosa literatura para adolescentes.

As protagonistas dos sete relatos que integran este volume son rapazas que se atopan nesa etapa en que se abandona a infancia e comeza a adolescencia. Mozas nunha idade difícil, enfrontadas por vez primeira á complexidade da vida, e cuxos problemas e vivencias cotiás aparecen reflectidos con gran autenticidade, nunhas historias que sorprenden, intrigan e emocionan. Os relatos percorren diferentes xéneros, desde

a ciencia ficción ao misterio, pasando por historias de corte realista... É un libro de lectura amena, que contén interesantes puntos de vista sobre temas como o feminismo ou o racismo.


de certos sectores da emigración galega en Venezuela, abertamente franquistas, que, tras un proceso fraudulento, acceden á dirección da Hermandad Gallega e deciden expulsar da organización a el e mais ao seu fillo.

F ai 50 anos publicábase....

Viaxe ao país dos ananos

Celso Emilio Ferreiro,

Viaxe ao país dos ananos é un libro de poemas publicado por Celso Emilio Ferreiro no 1968. Trátase dunha obra satírica na que denuncia a acomodación e cativeza moral



F ai 50 anos publicábase....

Cantigas de Escarnio e


Maldicer

Celso Emilio Ferreiro,

Celso Emilio Ferreiro publica no ano 1968, baixo o pseudónimo de Aristides Silveira, as súas *Cantigas de Escarnio e Maldicer*, nas que podemos atopar a súa poesía máis social e reivindicativa. O emprego dos pseudónimos era necesario debido a que naquela época non podía publicarse calquera cousa. E Celso Emilio xa tiña sido relacionado co

colectivo "Voces Ceibes".

Neste enlace da *Biblioteca Virtual Galega* podés leer o libro online: <https://goo.gl/My11DT>



F ai 50 anos publicábase....



Os Soños na Gaiola

Manuel María,

É un clásico da nosa literatura infantil. Medio cento de poemas con estruturas sinxelas e rítmicas. Abren o libro dous poemas dedicados a Galicia. Logo, agrupados en distintos epígrafes aparecen poemas a o sol, as etrelas, a lúa, o arco da vella, o barco, o chifre, o muíño, o labrego, o soñador, o afiador, o lume novo, o pastor, a boneca, a roda-roda, o año, a bolboreta, o caracol, a pita choca, a vaca, o burro....

Os poemas de Manuel María foron musicados por Suso Vaamonde e podes atopar moitos deles aquí, <https://goo.gl/BFb4jq> xunto con imaxes e ilustracións de varias fontes.


As recomendacións do EDLG , un pouco de todo e como non en galego!!!

O xabaril branco

Tucho Calvo

Con Ilustracións de Miguel Anxo Prado

A novela narra a peripecia vital do Fito, un mozo dos



Ancares unido por un máxico vínculo ao descomunal xabaril branco (de aí o título da novela) que só ven el e o Futingo, un mendicante sabio e algo meigo de impresionante aspecto. Acompañando o Futingo nunha viaxe de iniciación á vida, Fito deixa a casa natal e, cando o Futingo desaparece, vese atrapado por un “gancho” das mafias que explotan a emigración galega á Arxentina. No curso dunha terrible viaxe, namórase dunha moza, Xela, tamén emigrante, e xuntos internanse na Pampa. Alí, vi-



ven unha apaixonante aventura, no cadro do enfrontamento entre os indíxenas araucanos e os colonizadores, e as aparicións do xabaril branco irán acompañando os momentos decisivos da vida do protagonista, a cabalo entre os séculos XIX e XX.


Latitude Austral

Xavier Alcalá

Unha novela feita co tecido de varias historias que nos contan distintos episodios da conquista de América.


Desde o subtrópico ás illas veciñas da Antártida, e durante

as décadas da chamada conquista interior dun dos grandes países iberoamericanos, un conxunto de crioulos descendentes de galegos e mais de galegos forzados á aventura viven, sofren, aman e odian. Unha novela estruturada en seis relatos encadeados que rematan no mesmo instante.



P

roximamente na nosa biblioteca...



Os nenos da variola

María Solar, 2017

A historia comeza en 1803. Na miseria dos orfanatos. Nun barco que pode ser tamén unha tumba. Nun mar hostil e desapiadado. No medio dese universo cruel, a esperanza e un posible futuro. O heroísmo anónimo de 22 nenos que non tiñan idea de facerse heroes. Aínda que o foron. Nos seus pequenos corpos, levaron a vacina da variola a América. Sacados dos hospicios da Coruña, Santiago e Madrid, cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis, na que unha muller, Isabel Zendal, xogará un papel determinante.




A Terra de Anna


Jostein Gaarder, 2017

Con esta obra, o autor de “O mundo de Sofia” (1991) retorna ao primeiro plano da actualidade literaria “cunha novela sobre o cambio climático”. O termo Terra en maiúscula no título alude á gran protagonista destas páxinas. Abordando asuntos como a deforestación, a emisión de gases contaminantes ou o quecemento global, entre outros.

Anna, despois dunha vivencia onírica onde se ve, anos máis adiante, cunha bisneta nun planeta agonizante que pouco ten que ver co de hoxe, propónse evitar que ese escenario apocalíptico se faga realidade.



Na nosa Biblioteca contamos cun bo surtido de banda deseñada en varios idiomas, castelán, galego, inglés e francés. E aquí che recomendamos algúns dos títulos...



Absolute Watchmen

Alan Moore; Dave Gibbons,

Obra mítica dos británicos Alan Moore, e Dave Gibbons, editouse por primeira vez entre 1986 e 1987. A historia é unha crítica á sociedade occidental do seu momento, mediados dos 80, e, por extensión, da actualidade: sobre

valoración do diñeiro, a lenta introdución da tecnoloxía nas facetas máis pequenas da vida doméstica e cotiá, os conflitos políticos entre as grandes potencias mundiais, etcétera.

A valoración deste cómic depende moito da predisposición con que se lea, non é un cómic de superheroes ao uso, senon que a obra ten moito transfondo político, e que o seu fio central, máis que os personaxes, é a propia situación de psicose e paranoia de Estados Unidos en plena Guerra Fría.

QUOTIDIANÍA DELIRANTE INTEGRAL


Miguelanxo Prado, 2005

A tolemia toma forma neste recopilatorio definitivo das historias curtas do galego Miguelanxo Prado. Situacións cotiás que se tuercen por unha Xogada do destino, relacións persoais que chegan a ser bizarras son unha constante neste volume de luxo.



Thorgal: El hijo de las estrellas

Grzegorz Rosinski, Jean Van Hamme



Thorgal é unha serie franco belga creada en 1977 polo guionista Jean Van Hamme e o debuxante Grzegorz Rosinski. Actualmente a serie vai polo álbum 33.

Considerada unha das mellores series europeas, desde o ano 2010 ten un spin off titulado “Os Mundos de Thorgal”, onde os protagonistas son algúns dos personaxes secundarios da serie. Esta serie, que nun primeiro momento podería parecer unha serie de aventuras enmarcada no século X e cuxo tema de fondo serían os viquingos, resulta ser algo moito máis complexo. A fantasía e a ciencia ficción únense a este xénero de aventuras, facendo unha mestura perfecta que unida aos debuxos de Rosinski foron claves para o éxito da serie.

O protagonista da serie é o último sobrevivente dunha raza que descende de antigos poboadores da terra. Que fuxiron ao Espacio, pero moito tempo máis tarde volven en busca de fontes de enerxía. Ao intentar aterrizar na Terra sofren un accidente e caen no mar. Pero antes de afundirse no mar, depositan a un recen nado dentro dunha cápsula de salvamento, e é atopado por unha expedición viquinga preto do mar do Norte. Os viquingos deciden chamarlle Thorgal Aergirson, o que significa Thorgal fillo de Aegir, deus do mar.

P banda Deseñada galega camiño dos Oscar!

Psiconautas


A película de animación ‘Psiconautas. Os nenos esquecidos’ escrita e dirixida por Alberto Vázquez e Pedro Rivero e producida por Farruco Castroman, Carlos Juárez e Luis Tosar, é unha das 26 películas de animación preseleccionadas para optar ao Oscar na súa categoría.



É a adaptación cinematográfica da novela gráfica homónima do propio Alberto Vázquez. Neste filme de animación adulta, Birdboy e Dinki son dous adolescentes que decidiron escapar dunha illa arrasada por unha catástrofe ecolóxica: Birdboy illándose do mundo, Dinki emprendendo unha arriscada viaxe coa esperanza de que Birdboy a acompañe.

Birdboy

O filme supón a culminación da curtametraxe ‘Birdboy’, baseado na novela gráfica do mesmo título, que foi premiada co Goya á Mellor curtametraxe de animación en 2012, o Premio Platino do cinema iberoamericano e mellor película de animación no festival italiano Imaxinaria 2016, e tamén foi preseleccionada para os Óscar na súa categoría e nomeada aos premios da Academia do Cinema Europeo en 2016.



Alberto Vázquez Rico

Nado na Coruña en 1980, é un debuxante de banda deseñada, ilustrador e director de cine galego.

Comezou a estudar Belas Artes na Universidade de Vigo e licenciouse pola Universidade de Valencia. O seu labor como debuxante de banda deseñada arrinca en 2001. Foi un dos cofundadores do selo editorial Polaqua, co que publicou o seu primeiro álbum en solitario en 2002. Tamén dirixiu el mesmo fanzines, como Fanzine enfermo, e participado noutros de relevancia ibérica como Nostros somos los muertos ou Dos veces breve. Como ilustrador, ten desenvolvido diversos traballos para xornais e revistas, entre eles El País.

Pero é sobre todo coñecido pola súa faceta como autor de novela gráfica Unha delas, Psiconautas, foi levada ao cinema nunha produción guionizada e dirixida conxuntamente por el e mais polo vasco Pedro Rivero.

Ademais é percusionista na banda de pop Mano de obra.

Entrevista a Alberto Vázquez y Pedro Rivero

“...la animación es cara y supone un alto riesgo económico. Se antepone que pueda tener una distribución comercial y extendida. Por otro lado, el caso de Persépolis venía ya avalado por el cómic original. Y Vals con Bashir tenía un presupuesto muy bajo, con apenas seis trabajadores, así que fue fácil financiarla y evitar tantos riesgos.

Creo que cada vez el público general es más receptivo a una animación menos infantil y hay más películas para todo tipo de público, no necesariamente familiar. Existen, pero no las vemos o ni las conocemos; se descubren en festivales. En España no hay muchas, pero en Francia hay más, como El Ilusionista, que tienen buena acogida.

Aquí recientemente se han hecho Chico y Rita, con mucho presupuesto, y Arrugas, que parte de otro cómic y tiene una temática adulta. No es una rareza, es un drama que podrías ver en Antena 3 a las cuatro de la tarde, pero es otro camino”.



No 2018 celébrase o bicentenario do nacemento de
Emili Brontë (1818 - 1848)



**Poetisa e narradora británica, autora dunha única e extraor-
dinaria novela, Cumes borrascosas (1847), considerada unha das mellores
narracións en lingua inglesa e a obra mestra da narrativa romántica victoriana.**



Cumbres borrascosas

Emili Brontë

É a narración dunha historia dramática e trágica. Comeza coa chegada do neno Heathcliff ao fogar dos Earnshaw, o cal é traído polo pai da familia desde Liverpool. Ignoramos de onde saíu esta criatura que pronto trastornará por completo a tranquila vida da súa familia adoptiva así como a dos seus veciños, os Linton. É unha historia de amor e de vinganza, de odio e tolemia, de vida e de morte. Catherine Earnshaw e Heathcliff desenvolven unha relación de dependencia mutua ao longo da súa vida, desde a infancia ata máis aló da morte. A liberdade que Heathcliff representa non é a máis idónea para unha muller que pretende ser respectable, e Catherine acabará casándose co fillo dos Linton, Edgar, maxistrado da rexión. Este daralle un fogar, a Granxa dos Tordos, e estabilidade. Ao longo de dúas xeracións, cuxos nexos comúns serán Heathcliff e a observadora e narradora da historia, Nelly Dean, descubrimos o pasado e o presente dos personaxes, en versións distintas de si mesmos. En resumo, "Cumes Borrascosas" é unha novela arrebatadora e romántica, unha vinganza que se prolonga ata o final e un amor que irá máis lonxe aínda. É, en definitiva, unha com-

Cumes Borrascosas deu lugar a innumerables edicións e moitas adaptacións, incluíndo varias películas, dramatizacións radiofónicas e televisivas, un musical, telenovelas e cancións.

Na nosa Biblioteca temos unha edición de 1985 da editorial [Sarpe](#).

LA ESPERANZA. (Hope)


La esperanza no fue más que una amiga tímida;
Se sentó en el estudio sin chimenea,
Observando cómo mi destino se desplegaría,
A pesar del corazón egoísta de los hombres.

Ella fue cruel en su miedo;
A través de las barras de un día triste,
La miré y al verla allí,
¡Ella volvió la cara!

Al igual que un guardia falso, manteniendo una vigilancia falsa,
Sin embargo, en la lucha, le susurró la paz;
Ella cantaba mientras yo estaba llorando;
Si yo escuchaba, ella dejaría de existir.

Ella fue falsa e implacable;
Cuando mis últimas alegrías se esparcieron por la tierra,
Incluso la pena se vio, arrepentida,
Esas tristes reliquias dispersas alrededor;

La esperanza, cuyo susurro hubiera sido
Un bálsamo para todo mi dolor frenético,
Estiró sus alas y se elevó hacia el cielo,
¡Se fue, y nunca regresó de nuevo!



E ste 2018 será o ano europeo do Patrimonio Cultural

¿Que é Patrimonio Cultural? O Patrimonio Cultural abarca... Recursos herdados do pasado en todas as formas e aspectos: material, inmaterial e dixital. Inclúe: monumentos, paraxes, paisaxes e sitios naturais, prácticas, coñecementos e expresións da creatividade humana, así como as coleccións conservadas e xestionadas por entidades públicas e privadas como museos, bibliotecas e arquivos, e patrimonio cinematográfico.



El castillo de Ponferrada y los Templarios

José María Luengo Martínez, 1980.

A Orde do Temple e o Castelo de Ponferrada, os seus edificios, estruturas, etc .

Este e outros libros de historia do noso patrimonio cultural, xa difíciles de encontrar por ser edicións de fai algúns anos, tamén os podes atopar na nosa biblioteca.



Piedras ilustres de la Barbanza, Muros y Xallas

Carlos García Bayón, 2000

Temos na nosa Biblioteca varios exemplares de libros cuxa autoría debemos agradecer a o arquicoñecido educador barbanzán Carlos García Bayón. Neles fainos un percorrido polo patrimonio cultural da nosa comarca, pazos, templos, heráldica, vestixios prehistóricos, etc.

A DIXITALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL EUROPEO COMO OBXECTIVO A ACADAR:

GALICIANA é a biblioteca dixital de Galicia, o proxecto ten como obxectivo a dixitalización dos fondos bibliográficos máis relevantes para Galicia. A súa finalidade é lograr a máxima visibilidade dos recursos dixitais integrados nela e a interoperabilidade cos principais proxectos de dixitalización existentes hoxe en día (Hispana e Europea).



Galiciana integra actualmente, ademais de fondos propios da Biblioteca de Galicia, obras dixitalizadas en colaboración coas principais bibliotecas patrimoniais galegas. Nela pódense consultar recursos dixitalizados en institucións culturais tan importantes para Galicia como a Universidade de Santiago de Compostela, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Penzol de Vigo, a Real Academia Galega, o Seminario de Mondoñedo ou a Biblioteca de Estudos Locais da Coruña.

Desta iniciativa de preservar e digitalizar o patrimonio cultural europeo nace **EUROPEANA**

EUROPEANA é a biblioteca dixital europea, de acceso libre, cuxo prototipo comezou a funcionar en 2008. Reúne contribucións xa dixitalizadas de recoñecidas institucións culturais dos 28 Estados membros da Unión Europea. É o portal do patrimonio cultural europeo, a súa colección alcanzou en 2013 os 29 millóns de documentos, achegados por máis de 2300 institucións (bibliotecas, arquivos, galerías e museos). A colección está formada por unha gran variedade de documentos en 45 idiomas: libros, xornais, revistas, diarios, cartas, manuscritos, mapas, cadros, pinturas, debuxos, fotografías, documentos de arquivo, películas e outros programas televisivos, arquivos sonoros, música, tradición oral gravada, emisións de radio, e outros arquivos.



Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca: Departamento de Automoción



MATERIALES COM- PUESTOS: PROCESOS DE FABRICACIÓN DE EMBARCACIONES

ALEJANDRO BESEDN-
JAK DIETRICH, 2005


Introdución aos procesos de fabricación de embarcacións con materiais compostos, e dirixida a deseñadores, construtores e estudantes de enxeñería naval. O obxectivo fundamental é coñecer e analizar os materiais compostos e os procesos de fabricación,

estudar a problemática específica da construción de grandes estruturas mariñas, e permitir mellorar as características do produto final desde diferentes ópticas, especialmente a través das tecnoloxías emerxentes, máis respectuosas co medio ambiente.

O libro comeza cun estudo dos diferentes materiais que se poden utilizar para realizar laminados e estruturas sandwich, e posteriormente presenta os diferentes procesos de fabricación como laminados por contacto, proxección simultánea, impregnadores, técnicas sen carga, preimpregnados, RTM, VRTM, infusión e autoclave.

MOTORES DIESEL PARA EMBARCACIONES DE RECREO (2ª ED.)

Tim Bartlett, 2005



MOTORES DIESEL PARA EMBARCACIONES DE RECREO

Basado en los cursos impartidos por la prestigiosa Royal Yachting Association, este libro les muestra a los propietarios de embarcaciones de recreo –con lenguaje fácilmente comprensible y esquemas ilustrativos–, cómo funciona el motor diesel de su barco y cómo cuidarlo y mantenerlo sin ser necesariamente un experto mecánico.

Para ello, este manual le explica el proceso del motor para convertir el combustible en potencia, tratando los diversos sistemas que permiten que éste procedimiento tenga lugar:



- sistema de alimentación;
- sistema de aspiración y escape;
- sistema de refrigeración;
- sistema de lubricación;
- sistema eléctrico;
- las hélices y sistema de transmisión y,
- sistema de control.


El libro incluye un capítulo dedicado especialmente a la localización de averías, un repaso a las herramientas necesarias a bordo, y numerosos consejos. Además, se ha añadido un capítulo dedicado al invierno: cómo proteger el motor contra el frío y la corrosión, y el modo de aprovechar ese tiempo para llevar a cabo trabajos rutinarios de mantenimiento.

La mayoría de los motores diesel marinos son seguros; sin embargo, año tras año una de las causas más frecuentes de salvamento de embarcaciones motoras de recreo son las averías mecánicas, lo que confirma la importancia de mantener el motor en buenas condiciones de funcionamiento. (Del prólogo del libro).



Este libro mostra aos propietarios de embarcacións de recreo como funciona o motor diesel mariño, que hai que facer para coidalo e os mellores consellos para o seu mantemento. Escrito con linguaxe sinxela e esquemas ilustrativos.

Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca: Departamento de Instalación e Mantemento



MF1159 Mantenimiento de instalaciones de climatización y ventilación-extracción

Carlos González Sierra, 2016



Prólogo

1. Nociones básicas. Hipótesis de medio continuo y magnitudes intensivas
2. Fluidostática y el concepto de presión en el interior de un fluido
3. Ecuación de continuidad
4. Ecuación de cantidad de movimiento despreciando los esfuerzos viscosos
5. Ecuación de cantidad de movimiento incluyendo los esfuerzos viscosos
6. Análisis dimensional
7. Movimientos unidireccionales de líquidos
8. Movimientos casi unidireccionales de líquidos dominados por viscosidad
9. Movimiento turbulento de líquidos en conductos
10. Movimientos comprensibles de gases de toberas convergentes y en depósitos
11. Toberas convergente-divergentes, ondas de choque y expansiones de Prandtl-Meyer

Apéndice


Bibliografía

Introducción a la mecánica de fluidos:

JOSE MANUEL GORDILLO ARIAS DE SAAVEDRA, GUILLAUME RIBOUX ACHER, JUAN MANUEL FERNANDEZ GARCÍA

Este é un manual de iniciación dirixido a todos aqueles se introduzan por primeira vez no estudo desta disciplina. A obra inclúe todos os contidos obrigatorios ás múltiples materias sobre mecánica de fluídos que se imparten nos distintos graos de Enxeñería e Física. Distínguese doutras similares da literatura especializada en español en que todas as novas ideas son introducidas de maneira moi progresiva e amena. Sen descoidar o rigor nas demostracións, que son deducidas detalladamente partindo de resultados matemáticos básicos, cada novo contido motívase facendo uso de exemplos tomados da tecnoloxía ou da experiencia cotiá que a todos sonnos familiares. O texto, escrito nunha linguaxe sinxela e directa, ofrece conceptos que se irán afianzando cos máis de sesenta e cinco exemplos e problemas nos que se razoan e xustifican cada un dos pasos lóxicos que se dan para chegar á solución final.

Unha pequena mostra das lecturas especializadas dispoñibles na biblioteca: Departamento de Industrias Alimentarias.




Cursillo monográfico sobre conservas de pescado (1975)

Na nosa biblioteca temos algúns exemplares únicos como este, trátase dun monográfico que resume as conferencias desenvolvidas do 21 ao 26 de outubro de 1974 no Auarium de San Sebastián durante o curso sobre conservas de peixe no que trataron temas como o valor nutritivo do peixe durante o procesamento, as alteracións químicas, a salgadura, o afumado...

É un libro único porque non saíu á venda e hai pouco s exemplares distribuídos, que chegou á nosa biblioteca grazas a unha doazón.

INDICE: A calidade e o seu control nas conservas de pescado / Cambios no valor nutritivo do peixe durante o procesamento / Alteracións químicas nas conservas de pescado / Salgadura e afumado / Liofilización de produtos mariños / Esterilización térmica



Elaboración casera de cerveza

WOLFGANG VOGEL

Este libro vai dirixido a todos aqueles que fabriquen cervexa por afección, axudándolles a resolver os problemas da elaboración. O fabricante de cervexa a escala industrial, debe obter a súa información da bibliografía especial-

lizada, xa que nesta obra, renúnciase á descripción de métodos que esixan a utilización de utensilios especiais de elevado prezo e que, só teñen utilidade na esfera industrial. O libro explica os procesos químicos e técnicos da maneira máis sinxela e clara posible, o que permitira a súa comprensión sen dispoñer de coñecementos especiais previos. Inclúe un listado de “suministradores”, co que o lector poderá adquirir con maior facilidade o material, utensilios e información que lle sexan precisos.

ÍNDICE: Introducción/Primeira tentativa de elaborar cervexa/Ingredientes necesarios para elaborar cervexa/Elaboración da cervexa/Receitas de cervexas/Calidade da cervexa/Corrección de defectos/Apéndice.



INNOVACIÓN ALIMENTARIA

GEMMA GIL GIL, 2017

A innovación alimentaria forma parte do progreso e do desenvolvemento inherente á actividade empresarial, suxeita ás modas, requisitos, costumes, gustos e regulamentacións internacionais relacionados coa seguridade alimentaria, o benestar e a saúde. Os novos alimentos de hoxe tamén deben cumprir coas esixencias dunhas producións agroalimentarias máis respectuosas coa contorna física e sociocultural e co medio ambiente. Este libro profunda nas tendencias e nas tecnoloxías acordes ás necesidades dun consumidor máis sabio, mellor informado, moito máis esixente con respecto ao coñecemento dos produtos alimentarios, as súas formulacións e procesados, para ofrecer un mellor produto, máis adaptado aos requirimentos específicos de cada elaboración.

Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca: Departamento de Electricidade e Electrónica.



MANUAL DE INSPECCIÓN EN LAS INSTALACIONES DE VIVIENDAS.

100 POSIBLES FALLOS

Jacinto Gallego Calvo, José Manuel de la Cruz Gómez, Tarsicio Trujillo Del Campo, 2005

Este libro ten dous obxectivos, servir de axuda á hora de realizar unha nova instalación en vivendas, mediante un resumo das Instrucións do regulamento de Baixa tensión específicas para vivendas, e ser unha guía para as revisións que se deberían realizar nas instalacións eléctricas en vivendas xa existentes, que permita a detección dos defectos para emendalos adecuadamente. Neste sentido o libro divídese en tres apartados: instalacións de ligazón, instalacións en vivendas e medidas eléctricas a realizar. Con obxecto de realizar unha orde lóxica, nas instalacións de ligazón engadimos a instrución de acometidas, xa que entendemos que forma parte da instalación da vivenda, aínda que sexa propiedade da compañía eléctrica. Nas instrucións que desenvolven as instalacións de vivendas incorporáronse outras ITC, que aínda que son de aplicación xeral, soamente se estuda a parte correspondente ás vivendas. Así, na instrución vinte e cinco, que estuda os circuitos nunha vivenda, incorporamos o estudo do cadro xeral e na instrución vinte e seis, incorporouse o estudo da posta a terra, os sistemas de instalación e os tubos e canles protectores. Por último, o apartado de medidas ten o claro obxectivo de axudar a realizar

as medidas que son preceptivas na instalación antes do seu funcionamento, que coinciden coas mesmas medidas que se deben facer na revisión ou verificación dunha instalación xa existente. Cada capítulo do libro divídese en tres apartados, o primeiro é unha introdución aclaratoria da Instrución que se está estudando, seguidamente realízase a Guía de

Instalaciones de puesta a tierra y protección de sistemas eléctricos

Jacinto Gallego Calvo, José Manuel de la Cruz Gómez, Tarsicio Trujillo Del Campo, 2005

O presente libro non pretende ser un estudo exhaustivo do tema das tomas de terra, senón dar unha visión de conxunto, aclarar conceptos e sobre todo contribuír a darlle a importancia que ten este eficaz medio de protección. Desde este libro queremos resaltar a importancia que ten para a seguridade das proteccións eléctricas, alcanzar baixos valores da resistencia da toma a terra e, aínda que non é obxecto deste estudo, combinala coa protección diferencial, nos sistemas TT que son os máis utilizados.




Reading recommendations from Coroso's Library

CLUB LECTURA
"CLOSE TO
EUROPE"

Xa imos pola "4rd edition "do Club de Lectura "Close to Europe"!!!!

A principal característica deste club de lectura é que os libros que lemos están en inglés. Cada martes de 11:30 a 12:00 h reunímonos na biblioteca do Coroso.

A incorporación ao club podedes facela en calquera momento do curso. Animádevos a participar e mellorar o voso inglés lendo!




LEVEL 2

Extreme Sports

Michael Dean

¡Arriba no aire! ¡Abaixo no chan! ¡Baixo a auga! Os deportes extremos son novos, emocionantes e perigosos! Aprende sobre deportes extremos, desde ballet aéreo ata ZOR-bing. Le sobre os tolos


que aman os deportes extremos. ¿Que son os deportes extremos para ti?



The Man from Nowhere

Bernard Smith

Cuando la inspectora Jenny Logan se incorpora a su nuevo trabajo en la policía de Edimburgo, se encuentra con el caso de una mujer desaparecida y un cadáver. Logan interroga al marido de la mujer y a un médico local sobre el asesinato, pero ¿puede creer lo que dice?



LEVEL 4

The Whispering Knights

Penelope Lively

"Non sei se fixechedes algo malo", dixo a señorita Hepplew-hite. "Pero é posible que fixesedes algo bastante perigoso". William e Susie pensaron que só estaban a

xogar un xogo cando cociñaron a infusión dunha bruxa no vello celeiro e dixeron un feitizo sobre ela, pero Martha non estaba tan segura. E, de feito, os tres amigos pronto aprenderán que chamaron algo escuro e maligno do pasado distante ...

The Night of the Green

Dragon

Dorothy Dixon

Howard espertouse dun terrible pesadelo. Pero en realidade, entrou nun máis grande. Estaba no hospital coa cabeza rota. Os policías chamárono Sr. Black. Pero el sabía que ese, definitivamente non era o seu nome. Desafortunadamente, non podía lembrar o seu verdadeiro nome. Perdera a memoria debido á lesión. A policía non lle cría. E empezaron a interrogalo de inmediato. Estaba acusado de entrar ilegalmente nunha casa, asesinar a unha anciá e roubar dun dragón verde. Non lembraba nada excepto os ollos vermellos do misterioso dragón e o sangue. Sabía claramente que non era un criminal. Era unha vítima. Foxe do hospital pola noite. Ten que recuperar a memoria e demostrar que non é culpable.

LEVEL 1



P

UTOAPRENDIZAXE DE LINGUAS...

Dende o Departamento de Programas Europeos ,propoñémosvos algúhas aplicacións útiles para o estudio de idiomas, que están á vosa disposición na rede de xeito gratuíto.

Aplicacións útiles para practicar e defenderte co inglés, e outros idiomas, dende o teu móbil. Que se poden descargar de xeito gratuíto en Google Play.



Dictionary.com - offline

Diccionario gratis en Inglés para Android. Traballa sen conexión a Internet. Inclúe tradutor , pronuncia de audio e contido en Inglés todos os días, como a palabra do día. Non necesita conexión a Internet para a procura de palabras, aínda que si para outras das súas aplicacións.

Aplicación Linguee- offline

Gratuita e sen anuncios, incluso offline. Trátase dun traductor online que da opción a instalar a traducción a varios idiomas, inglés, francés, portugués, italiano, alemán, sueco, danés, finés e moitos máis.

No seguinte enlace podes ver unha pequena demostración: <https://www.youtube.com/watch?v=h6nDvnybr0k>



Duolingo- online

Esta app permite aos seus usuarios aprender inglés, entre outros idiomas, de forma divertida e completamente gratis. Duolingo non esixe cargos de ningunha clase, nin subscricións. A aplicación é interactiva e moi orixinal xa que funciona como un XOGO no que perderás vidas por cada resposta incorrecta mentres que os acertos reportaránche puntos cos que subir de nivel. Como dato curioso, destacar que os creadores desta ferramenta actualízana periodicamente para garantir os métodos de aprendizaxe. A desvantaxe que ten é que é preciso traballar conectado á rede.


Tedes máis información no seguinte enlace: <https://es.duolingo.com/>

Dende o departamento de Programas Europeos ,propoñémosvos algúns dos materiais para estudar idiomas, que pronto estarán á vosa disposición na biblioteca do Coroso.

Cambridge English for Job-hunting

Colm Downes, 2008

Un libro e 2 CDs




¿Cambridge English for Job- hunting está deseñado para desenvolver o coñecemento especializado do idioma inglés e as habilidades de comunicación que os solicitantes de emprego necesitan para postularse para empregos seguros. Ideal para profesionais que traballan e para aqueles que son novos no mundo do emprego, o curso consta de seis unidades independentes que cobren áreas centrais, como preparación de CV, redacción de cartas de presentación e resposta a preguntas de entrevistas. Os materiais auténticos, como CV xenuínos e cartas de presentación, brindan aos alumnos unha experiencia práctica na comprensión e preparación de documentos vitais. O curso tamén ofrece valiosos consellos para axudar a mellorar a confianza dos cazadores de empregos, incluída a axuda con preguntas difíciles para a entrevista e como presentarse de maneira efectiva.



Vocabulario básico de francés

Colección de 500 fichas con vocabulario básico de francés para practicar o idioma, xunto cunha guía de gramática e un CD .



100 best affordable vacations

Jane Wooldridge, Larry Bleiberg


Mesmo nunha economía debilitada, a investigación mostra que o interese en viaxar aínda é forte e este libro ofrece 100 excelentes maneiras de satisfacer a súa paixón polas viaxes sen ter que pasar pola bancarrota. Do mesmo xeito que os outros libros desta popular serie, The 100 Best Affordable Vacations to Enrich Your Life presenta oportunidades fóra do común. Serán menos custosos, incluso algúns gratis! As categorías de vacacións inclúen Classic Americana; Aprendendo vacacións; Viaxes polo deserto; Escapadas con temas de Mente, Corpo e Alma. Con esta mestura, hai moitas ideas creativas e destinos atractivos para todos, sexan cales sexan os seus intereses, cronograma ou orzamento. Este libro tamén ofrece perfis de viaxeiros inspiradores, así como divertidas barras laterais sobre viaxes fóra de tempada, como ser un viaxeiro e non un turista, e máis.



UTOAPRENDIZAXE DE LINGUAS...

Dende o departamento de Programas Europeos ,propoñémosvos algúns dos materiais para practicar idiomas de cara a os vosos Erasmus ou ao voso futuro. Están á vosa disposición na biblioteca do Coroso, ou terémolos en breve.

Libros para adquirir vocabulario técnico



Diccionario náutico en 10 idiomas

Barbara Webb e Cruising Association



O código QR levarate a una páxina na que se atopa un pequeno un diccionario trilingüe, español/francés/inglés de termos náuticos.

Inclúe termos de náutica en español, inglés, francés, alemán, holandés, danés, italiano, portugués, turco e grego. Preto de 3000 voces relacionados con todos os temas que o navegante necesita: Inclúe termos de miles de pezas de a bordo, así como outros que abarcan as últimas novidades en equipos electrónicos ou mecánicos, instrumentos, modalidades de aparellos e produtos de mantemento. Organizado en categorías de temas para unha fácil consulta. Inclúe novas palabras que nas últimas décadas modernizaron o diccionario, pero segue conservando todos os atractivos detalles dos barcos clásicos, mesmo debuxos de aparellos diversos.



Diccionario Marítimo


Cuadrilingüe

Jean-Luc Garnier

ESPAÑOL - INGLÉS -
FRANCÉS - ITALIANO.

Todo o vocabulario da navegación: embarcacións, manobras de a bordo, velas, aparellos, nós e cabos, meteoroloxía, sinalización, regulamentos, travesías, navegación de recreo, etc. Organizado en 16 capítulos

diferentes e máis de 1.500 termos. Claro, de fácil consulta e profusamente ilustrado.



La cuisine française

Mark Ibbotson , 2009

Representa máis de 1000 palabras e frases para axudar a funcionar no seu traballo diario inglés na vida. Usando o formato de gran éxito da presentación na páxina da esquerda ea práctica na páxina da dereita, presenta o vocabulario esencial no contexto para axudar a usar as palabras máis facilmente.

Outros materiais: audiolibros e películas V.O. con subtítulos en inglés e en castelán




Birdman ou (a inesperada virtude da ignorancia) (2014) O Editor de Libros (2016)

Despois de facerse famoso interpretando no cinema a un afamado superheroe, a

estrela Riggan Thomson (Michael Keaton) trata de darlle un novo rumbo á súa vida, loitando contra o seu ego, recuperando á súa familia e preparándose para a estrea dunha obra teatral en Broadway que lle reafirme no seu prestixio profesional como actor.

Película gañadora de 4 Oscars incluíndo mellor película e mellor director, e merecedora de 9 nominacións, ademais de moitos outros premios.

Podes ver aquí o trailer da película aquí: <https://goo.gl/854Rvx>




presentou ao público aos máis grandes escritores deste século, revolucionando a literatura americana. Incasablemente comprometido co fomento do talento, foi a forza detrás de grandes estrelas literarias como F. Scott Fitzgerald, Ernest Hemingway e Thomas Wolfe (Jud Law). Este último é un escritor de gran talento, pero incapaz de xestionar a súa creatividade. O seu éxito chegará grazas a Max

Perkins, que adicará miles de horas a pulir os defectos da literatura do xenial Wolfe.

Bowling for Columbine, 2002

Michael Moore

Famoso documental que aborda a cuestión da violencia en América. ¿Por que 11.000 persoas morren cada ano en Estados Unidos vítimas das armas de fogo? Os "bustos parlantes" vociferan desde a pantalla de TV botándolle a



culpa xa a Satán xa aos videoxogos. Pero, ¿en que se diferencia Estados Unidos doutros países? ¿Por que Estados Unidos converteuse en responsable e vítima de tanta violencia?

"Bowling for Columbine" non é unha película sobre o control da venda de armas, é unha peli-

cula sobre o medo de 280 millóns de norteamericanos que se senten máis seguros sabendo que a tenencia de armas é un dereito consagrado pola Constitución. Neste incisivo e traxicómico estudo da violencia e da súa relación coas armas de fogo aparecen personalidades como Charlton Heston, George W. Bush ou Marilyn Manson. Gañou numerosos premios en USA (mellor documental nos National Board Of Review, nos Chicago Filme Critics Awards e nos Oscar), así como o pre-

mio á mellor película estranxeira nos César da Academia Francesa de Cinema.

Podes obter máis información e ver o trailer aquí: <https://goo.gl/QyMDwA>

Tamén podes ver en youtube o documental completo, pero se o que che interesa é practicar idiomas, propoñémosche que o vexas na súa versión original e incluso podes xogar cos subtítulos. Telo disponible en DVD na nosa biblioteca.

Máis películas dispoñibles na biblioteca do CIFP Coroso